

# ARREPÍOS E OUTROS MEDOS

Concurso de microrrelatos para alumnos/as da ESO

*Sen ter medo non hai posibilidade de ser, de sentir, de saber, de soñar e de vivir..*



Convidámoste a entrar neste mundo imaxinario, queremos que escribas un microrrelato, ou dous ou máis, e que lle busques as costas e o lombo ao medo, que o mires de fronte e que tentes ver de que cor ten o pelelo.



**E atrévete a contárnolo!!**



## BASES:

- 1.<sup>a</sup>. Poderán concursar todos/as os/as alumnos/as de ESO. Establécense 4 categorías, unha por cada curso: 1.º ESO, 2.º ESO, 3.º ESO e 4.º ESO.
- 2.<sup>a</sup> O microrrelato englobarase nos xéneros de terror e/ou misterio.
- 3.<sup>a</sup>. O microrrelato estará escrito en lingua galega e será inédito. Debera estar ambientado nunha do concello de Vedra pola que pase o Camiño de Santiago.
- 4.<sup>a</sup>. En ningún caso poderá presentarse un que xa fose premiado.
- 5.<sup>a</sup>. A extensión do microrrelato non superará as 150 palabras. O texto estará mecanografado a dobre espazo nunha folla DIN A-4, tipo de letra Arial 12; no que terá que figurar o título do relato e o pseudónimo do/a autor/a.
- 6.<sup>a</sup>. O microrrelato, escrito en prosa, virá acompañado dunha foto (imaxe, ilustración ou debuxo) que ilustre e complemente o texto. O/a alumno/a deberá ser o/a autor/a da foto (ou outra imaxe que se inclúa). A foto non puido ser obxecto de premio noutros certames.
- 7.<sup>a</sup> O traballo deberá presentarse en dous sobres pechados. No exterior do primeiro sobre indicárase o título do conto, o pseudónimo elixido polo autor e o curso. No segundo sobre -pechado- introduciranse os datos persoais de identificación do/a autor/a (nome e apelidos).
- 8.<sup>a</sup>. Admitirase máis dunha obra por autor/a.
- 9.<sup>a</sup>. Os traballos entregaranse ás profesoras de Lingua Galega do centro.
- 10.<sup>a</sup>. O prazo de entrega dos microrrelatos finalizará o día 29 de outubro de 2021.
- 11.<sup>a</sup>. O xurado estará formado por alumnado pertencente ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- 12.<sup>a</sup>. O xurado reserva para si o dereito a declarar deserto o concurso se, segundo o seu criterio, os traballos presentados non reunisen a calidade suficiente.
- 13.<sup>a</sup>. Os gañadores do concurso daranse a coñecer no web do centro.
- 14.<sup>a</sup> Outorgarase un premio por curso.
- 15.<sup>a</sup>. Calquera circunstancia non prevista nas bases desta convocatoria será resolta polo xurado.